

CAFÉ DE REDACCIÓN / PILAR ROJO, PRESIDENTA DO PARLAMENTO



Pilar Rojo, co director de Xornal de Galicia, José Luis Gómez, e varios colaboradores e xornalistas durante o Café de Redacción

AMADOR LORENZO

“Sería irresponsable tirar pola borda o traballo feito na reforma do Estatuto”

“Se fora un home, non escoitaría nin a metade das veces o de que Pilar Rojo é unha muller de Rajoy”

A CORUÑA

MARCOS J. ROMÁN
POLÍTICA

politica@xornaldegalicia.com



A reforma do Estatuto de Autonomía de Galicia e do Regulamento da Cámara son as dúas metas máis importantes que se marcou Pilar Rojo para a próxima lexislatura, na que terá a honra de presidir o Parlamento galego, en relevo da socialista Dolores Villarino, coa que mantivo un almuerzo informal para recibir consellos. As apelacións ao consenso e o desexo de achegar a institución á cidadanía son dúas constantes que se repiten na conversa que mantivo na sede de *Xornal de Galicia*, na que tamén atopa un oco o plan de litoral e, sobre todo, a cuestión lingüística, que acaba protagonizando o Café de Redacción.

Como leva o novo posto?

Levo moi pouco tempo, tres días nos que me adiquei fundamentalmente aos medios de comunicación. Non hai conselleiros, non hai Goberno e o centro de atención, sen querelo, son eu, o que non me gusta especialmente. Son unha persoa discreta e estou desexando que haxa competencia e que haxa interese polos futuros conselleiros. Polo demáis, sempre fun unha persoa pouco belixerante no seo da política, o que non quita que pertenza a un grupo político. Desde a Presidencia do Parlamento teño que ter unha postura ecuánime, é un cargo institucional, por riba dos partidos. Independentemente de que, como dixeran, formo parte dun grupo e votarei con ese grupo.

Cantas veces oiú a frase: Pilar Rojo, unha muller de Rajoy?

“O centro de atención, sen querelo, son eu, e non me gusta moito”

Moitas, se fora un home non as escoitaría nin a metade. Creo que é moi significativo. Hai moitísimos políticos que chegan á política porque alguén lles invita a formar parte dun proxecto, pero a min non foi Rajoy quen me invitou a participar nun proxecto, cando me chamaron para a delegación de Cultura. Parece que as mulleres teñamos que ter un titor engadido, un protector. En calquera caso, sintome moi orgullosa de ser amiga de Mariano Rajoy e estarei moi orgullosa se é presidente do Goberno.

E as eleccións galegas foron un salvavidas para Rajoy, debido a situación interna do PP?

Non diría que foron un salvavidas. Gañar eleccións está ben, ninguén está en política para estar na oposición. A aspiración dun líder é gañar eleccións e o feito de que o PP gañara en Galicia, pa-

ra el o primeiro é unha honra. El, que é militante do PP de Pontevedra, estaría encantado de gañar as eleccións en calquera autonomía, pero en Galicia moito máis. Non cabe dúbida de que reforza, pero Rajoy é un líder absolutamente consolidado e eu espero non somentes que sexa o candidato, senón que sexa o presidente.

E deulle algún consello Dolores Villarino?

Tiven unha comida con ela, ofreceuse amablemente e tomeille a palabra inmediatamente. Quen mellor que ela para cambiar impresións. Tivemos un almuerzo tranquilo e relaxado, deume consellos que agradezo. Foi un trato amable, amistoso e cordial e faloume da súa experiencia como presidenta, de cuestións que lle pasaron. Foi unha charla que eu agradezo e dende logo, agradezo